


LIBROS VIVINTES



HOXE DE MENÚ:  
XENÉTICA

SUMMA  
ÁGORA

O meu caso foi unha versión de  
concentrado de caldo  
ou dalgunha outra receita do país e,  
digo isto cun sorriso na boca e,  
porque na miña casa ninguén pensou  
que nada puidera acontecer polo feito  
de ser meus pais curmáns e mozos,  
aparte dunha cuestión de amor.

De amor e de consanguinidade claro,  
polo que o noso menú xenético adobóuse  
cunhas características propias  
que comezaron desenvolvendo

unha carta como a que segue...

BIBLIOTECAS  
municipais

O meu caso foi unha versión de  
concentrado de caldo ou dalgunha  
outra receita do país e, digo isto cun  
sorriso na boca, porque na miña casa  
ninguén pensou que nada puidera  
acontecer polo feito de ser meus pais  
curmáns e mozos, aparte dunha  
cuestión de amor.

De amor e de consanguinidade claro,  
polo que o noso menú xenético  
adobóuse cunhas características  
propias que comezaron desenvolvendo

unha carta como a que segue...

## Hoxe de menú: xenética

Todos somos herdeiros da familia. Son desas cousas que inda sen mirar para elas acaban formando parte de nós co paso dos anos. Que hai no saquiño das nosas liñas xenéticas? Un cabelo mouro rizado imposible de controlar nas mañás de humidade, unha naris curvilínea capaz de porlle apelido a irmáns, tíos e curmáns a ducias de quilómetros, un carácter explosivo os días de lúa chea e tres millóns de euros nunha conta en Coristanco? Vai ser que non.

Pero claro está que existen varios xeitos de herdar e moitas cousas diferentes que poderíamos recibir pero, como na boa cociña, cando xuntas unhas nabizas e algo de unto, un anaco de lacón e un par de chourizos, o máis probable é que de aí saia un caldo. Espallados polo mundo hai moitos deles:

Caldo branco

Caldo de peixe ou fumet

Caldo galego

Caldo de verduras

Consomé

Concentrado de caldo

Caldo de polo

O meu caso foi unha versión de concentrado de caldo ou dalgunha outra receita do país e, digo isto cun sorriso na boca, porque na miña casa ninguén pensou que nada puidera acontecer polo feito de ser meus pais curmáns e mozos, aparte dunha cuestión de amor. De amor e de consanguinidade claro, polo que o noso menú xenético adobóuse cunhas características propias que comezaron desenvolvendo unha carta como a que segue:

**Entrante**

Canapé de luz

**Primeira Prato**

Túnel embuchado

**Segundo Prato**

Arroz Negro

**Postre**

Retinosis Pigmentaria caramelizada

Con este menú degustación, unha das hipóteses máis probables do que lle acontecía á miña vista tiña a súa explicación na consanguinidade de meus pais. Quizais non fóra ese o único factor, pero eu sempre vivín o amor en calquera das súas formas como algo positivo, por iso cando comezou a desenvolverse de maneira incurable o meu [concentrado de caldo-permitídemme a licencia gastronómica para describir a miña enfermidade], no último no que pensei foi no pouco apropiado do seu amor.